



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

CERTIFICADO

Elena Suárez Rodríguez , secretaria – interventora do Concello de Boqueixón,

CERTIFICO:

Que na Xunta de Goberno ordinaria que tivo lugar o día 21 de febreiro de 2013 adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente :

No Pleno extraordinario realizado o día 21 de decembro de 2012, acordouse iniciar o expediente de para a concesión privativa dun ben de dominio público para a instalación dun tanatorio – velorio.

No BOP do día 15 de xaneiro publicouse o correspondente anuncio de licitación e o día 30 de xaneiro presentou a empresa Funeraria Casablanca, SL a única proposta económica do expediente.

O día 7 de febreiro reúnese a mesa de contratación e ó abrir o sobre da oferta económica vese que o canon ofertado pola empresa é de 3.200 €/ano.

A mesa de contratación, cos votos a favor da maioría e en contra do sr. Canabal e do sr. Calvelo, propoñen a adxudicación da concesión á empresa Funeraria Casablanca, SL.

Á vista destes datos, e debido a que é a única oferta presentada, a Xunta de Goberno acorda:

1 Clasificar por orde decrecente, as propostas presentadas:

Empresas	Canon
Funeraria Casablanca,SL	3.200 €/ano

2 Requirir ó licitador para que presente, no prazo de 10 días hábiles, a seguinte documentación:

Xustificantes de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributaria e coa Seguridade Social
Presentación do correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE
Acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato


E para que conste, asino este certificado.

Boqueixón, 25 de febreiro de 2013

A secretaria


Elena Suárez Rodríguez

Visto e prace
O alcalde


Jesús Sanjuás Mera